

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 18 de maio de 2017

Asistentes:

Arribas Álvarez, M.Carmen
Comendador Rey, Beatriz
Díaz Naya, Rosa M^a
Eguileta Franco, José M^a
Fernández Cid, Lorena
Garrido Labrador, Begoña
Presedo Garazo, Antonio
Real López, Arturo
Reboreda Morillo, Susana
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

López Díaz, María (Ano
sabático)
López López, Marta
Uña Álvarez, Elena de

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Comisión de Calidade, o xoves 18 de maio de 2017, ás 17.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 12 de maio de 2017:

- Lectura e aprobación das actas anteriores (27 de abril e 12 de maio de 2017)
- Informe da Decana
- Preparación da visita da Comisión Avaliadora da Certificación da implantación do SGC do centro
- Debate e validación, se procede, do Plan operativo de información pública e rendemento de contas (R1 DO-0301 P1)
- Actualización, se procede, dos rexistros: Xestión dos recursos materiais (IT01-PA07) e Plan de actuación dos servizos permanentes do centro (IT01-PA08)
- Validación, se procede, do Informe de xestión dos servizos contratados (IT02-PA08)
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación das actas anteriores (27 de abril e 12 de maio de 2017)

Apróbanse as actas por asentimento.

2. Informe da Decana

- Escusa a ausencia de María López (ano sabático), Elena de Uña (obrigas docentes) e Marta López.
- Informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación. Recibimos este informe da Comisión avaliadora e temos de prazo ata o 12 de xuño para presentar as alegacións e un plan de melloras. Estamos redactando un primeiro borrador cas alegacións. Pensamos que o informe non é coherente na puntuación que outorga, xa que a pesar de destacar un número considerable de puntos fortes, sinalar debilidades non demasiado significativas, en moitos criterios (5 de 7) a puntuación é dun C. Comenta que solicitou unha entrevista co director da Axencia Galega de Calidade para mostrar a frustración que xera un informe destas características, pero aínda non lle contestaron. Por outra banda informa que a Área de Calidade tamén está en desacordo co informe e van redactar unhas alegacións a nivel institucional. A coordinadora da titulación, Beatriz Vaquero di que unha das cousas que din é que a nomenclatura das actividades docentes da memoria non se identifica coa recollida nas guías docentes. Isto é verdade pero porque no ano 2009 aínda non estaba implantado Docnet. Na remodelación do ano 2014 non se puideron rectificar estes aspectos porque suporía a verificación dun novo título.

A decana insiste en que o proceso da acreditación non está directamente relacionado co da certificación que imos ter a semana que ven.

- No Regulamento de prácticas que se validou na pasada comisión, había unha diferenza de horas entre as prácticas que tiña que realizar o alumnado presencial e o semipresencial. Comunicounos a Directora de Área de Grao que non podía haber esta diferenza, co que se modificou o regulamento para unificar as horas presenciais.
- Unha posible vías de promoción do PCEO do Grao en Turismo e do Grao en Xeografía que apuntara a profesora Elena de Uña na anterior Comisión de Calidade era organizar un roteiro en torno a auga no que se viculara o patrimonio cultural e a xestión. Comentoullo á decana de CC.EE. e Turismo e lle parece unha boa idea. Ela di que podía estar ben a opción da Ribeira Sacra porque en san Estevo de Ribas de Sil traballan egresados de Turismo, pola nosa banda contaríamos coa axuda da empresa Xeitura (constituída por egresados

de Historia). A data da saída podería ser o 10 de xuño e antes habería que dar unha rolda de prensa para informar do PCEO e da saída. Begoña Garrido (da empresa Xeitura) comenta que estaban pensando nunha ruta san Pedro de Rocas - san Estevo de Ribas de Sil - Catamarán. A profesora Beatriz Comendador propón unha ruta polo río Mao. Begoña Garrido expón que fará unha proposta de ruta ao río Mao e a san Estevo e achegará un orzamento.

3. Preparación da visita da Comisión Avaliadora da Certificación da implantación do SGC do centro

A decana comenta que en relación coa Acreditación, a visita da Comisión de Certificación será máis áxil nas cuestións realizadas e máis intensa. A profesora María López transmitiulle a opinión de que no proceso de acreditación se contestaba, ás veces, dunha forma un tanto atropelada e non se correspondía a resposta co que se nos estaba preguntando. Polo que estaría ben escoitar ben as preguntas e pensar as respostas. O que si non debe pasar e que ninguén conteste. Explica a decana que a bolsa de calidade arranxou a presentación e preparou todos os enlaces dos diversos criterios. Agora está revisando a web e anotando as incidencias que houbera.

Na reunión da Comisión Avaliadora coa Comisión de Calidade a profesora Beatriz Comendador respostará ás preguntas do Mestrado de Valoración, o profesor Antonio Presedo respostará nos temas de taxas e sobre o TFG, xa que o coordinador do TFG non estará presente. Os representantes da sociedade darán a súa opinión sobre a calidade do centro e que se valida todo nesta comisión. A profesora Beatriz Vaquero, como coordinadora do título de grao falará sobre temas de POD, guías docentes, etc. e como coordinadora da materia de Prácticas. O alumno Arturo Real respostará ás cuestións relativas ao alumnado e a secretaria Carmen Arribas sobre o PAS. A decana fará a presentación do centro e do desenvolvemento da calidade nel e sobre cuestións relacionadas coa coordinación do PAT, de RR.II. e do Mestrado Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.

A continuación se repasan os obxectivos da Comisión de Calidade que son: debater e validar a política e obxectivos de calidade, tanto do grao como do mestrado, que se recollen nunha táboa, cunha meta a acadar. Cada ano se repasa para ver que se logrou ou se aínda se está implementando. Na comisión se axustan as metas en función dos obxectivos acadados. Se debate e valida o Manual de Calidade e os procedementos, nos que se recollen as pautas de calidade. Estes procedementos teñen como anexos os rexistros que se van actualizando e adaptando ao noso centro. Tamén se realiza o seguimento dos títulos así como colaborar co seguimento da calidade do centro. Se realizan accións de mellora e incluso hai feito un arquivo histórico destas accións. Se participa nos procesos de participación educativa, modificacións de memorias, solicitude de extinción de títulos, etc.

José M^a Eguileta pregunta se farán cuestións sobre satisfacción, a decana contéstalle que cre que se centrarán máis no traballo que se desenvolve na Comisión de Calidade.

O espazo onde se terán as reunións será no salón de Graos Vicente Risco. Se disporán as mesas en U e a Comisión Avaliadora ubicarase nas mesas que están enriba da tarima que non se poden mover. Na parede lateral se porá o *timeline* e nunha mesa toda a documentación.

4. Debate e validación, se procede, do Plan operativo de información pública e rendemento de contas (R1 DO-0301 P1)

A decana explica que a información que ten que ser pública a determina a ACSUG a UVigo e o centro. Neste rexistro se actualizaron os datos do centro e se deixou a restante información.

Valídase o Plan operativo de información pública e rendemento de contas.

5. Actualización, se procede, dos rexistros: Xestión dos recursos materiais (IT01-PA07) e Plan de actuación dos servizos permanentes do centro (IT01-PA08)

Tanto a xestión dos recursos materiais como os servizos permanentes do centro mantéñense.

Valídase a actualización dos rexistros mencionados.

6. Validación, se procede, do Informe de xestión dos servizos contratados (IT02-PA08)

Este informe está redactado pola Administradora do campus norte. Nel se especifican os diversos servizos contratados así como as finalidades dos mesmos.

Valídase o Informe de xestión dos servizos contratados.

Os membros da Comisión de Calidade acordan, por unanimidade, incluír na orde do día o seguinte punto:

7. Validación, se procede, da Memoria de modificación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

Como requisito previo á súa aprobación en Xunta de Facultade, tense que validar a dita memoria na Comisión de Calidade.

Valídanse os cambios.

8. Rolda de intervencións

Non hai.


E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18.10 horas, e de todo dou fe como secretaria

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez